

Chega a iniciativa “Tropa Verde” para reciclar con premio no Porriño

Páxina 3

O Goberno de Salceda solicitará a mediación para resolver o conflito laboral

Páxina 6

Música, historia, cinema e deporte no “Verán na rúa” en Tui

Páxinas 10 e 11

Retirado o embarcadoiro do antigo ferry en Tomiño

Páxina 11


O Concello de Oia reparte 60 trampas para a avespa velutina

Páxina 16



Aberta a licitación das obras para a mellora dos accesos á Praia do Muíño na Guarda

Páxina 14



LOURIÑA

O PORRIÑO

Na corporación haberá seis adicacións exclusivas coas mesmas retribucións que no 2018

A Corporación Local de Porriño terá catro grupos políticos (PP, PSOE, BNG y EU Son) e un concelleiro polo grupo mixto que será Manuel Carrera. Conforme a lexislación vixente Carrera non pode constituírse en grupo político da UDDL por ter tan só un concelleiro.

Asimesmo determináronse os voceiros de cada grupo: polo PP, Manuel Alejandro Lorenzo; polo PSOE, Lourdes Moure; polo BNG, Pedro Pereira; por EU Son Porriño, Pedro Ocampo y Manuel Carrera polo grupo mixto.

A sesión tamén determinou por maioría (PSOE, BNG, EU Son e Carrera) a periodicidade

dos plenos corporativos que serán mensuais, o último mércores, ás 18 horas. Na semana anterior e tamén en mércores, terán lugar as reunións das comisións municipais informativas. En ambos puntos, o PP abstívose porque entendía mellor celebrar plenos cada dous meses e do mesmo xeito coas comisións.

Finalmente haberá sete comisións informativas: Urbanismo, Medio Ambiente, Obras e Infraestruturas; Economía, Fazenda e Persoal; Contas; Seguridade, Policía, Protección Civil e Mobilidade; Parques, Xardíns, Limpeza, Industria e Mercados; Deportes, Cultura, Xuventude e Festas e finalmente Servizos Sociais e Igualdade.

En cada comisión o PP terá 4 concelleiros; PSOE, 2; BNG, 1; EU Son, 1 e Grupo Mixto, 1.

O derradeiro punto da orde do día determinaba as adicacións e retribucións dos membros do goberno municipal.

Haberá 6 adicacións exclusivas que corresponden á Alcaldesa Eva García e ós concelleiros Lourdes Moure, Sergio Casal e David Alonso, polo PSOE, e Pedro Pereira e Ana Belén Crespo, polo BNG como resultado do pacto de goberno que está practicamente negociado entre ambas as dúas forzas políticas.

As retribucións dos membros do goberno municipal serán as mesmas contempladas no



Orzamento Municipal en vigor sen o incremento que debería engadirse polo que determina o Real Decreto 24/2018.

Os votos dos 8 concelleiros do PP e os 2 de EU Son Porriño, derrotaron a proposta que vo-

taban PSOE, BNG e Manuel Carrera.

Deste xeito e ata a elaboración dun novo orzamento Municipal, as retribucións dos membros do goberno serán as mesmas que tiñan en 2018.

0 concelleiro de Deportes visita o Velódromo co presidente da Federación Galega de Ciclismo

David Alonso, concelleiro de Deportes mantivo unha visita ás instalacións do Velódromo Municipal do Porriño en compañía de Juan Carlos Múñiz, presidente da Federación Galega de Ciclismo. Tamén acudiron representantes da AD Avanza e do club Máster da Louriña.

Visitaron vestuarios, sala de máquinas e a pista e graderío do Velódromo para comprobar o grado de deterioro das instalacións e valorar as obras máis urxentes que habería que acometer para garantir un mínimo de servizos.

Concalleiro e presidente da Federación acordaron facer unha proposta máis ambiciosa e tratar de implicar á



Xunta de Galicia. A tal fin o presidente da Federación pedirá que los reciba o Secretario Xeral para o Deporte, José Ramón Leite Lasa.

O velódromo de Porriño é o único existente en Galicia. Data de 1993, ano no que foi inaugurado por Manuel Fraga, presidente da Xunta de Galicia, administración que sufragou as obras.

Comezou a colocación de xaulas para controlar a poboación de pombas no Porriño

Persoal especializado da empresa "Rentokil" comezou a colocación de xaulas para controlar a poboación de pombas. Na imaxe adxunta obsérvase a que se situou no edificio abandonado de "Instalauto", o carón da Praza Central. Precisamente nese punto do casco urbano así como noutros producíronse queixas reiteradas de taxistas, locais de hostalería e moitas comunidades de veciños de edificios o que motivou que o Concello de Porriño, ante estas peticións contratase á empresa "Rentokil" para controlar a poboación de pombas mediante métodos de loita biolóxica.

A empresa que ten sede no polígono porriñés da Granxa, obtivo a semana pasada a correspondente autorización da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia para iniciar as labores de trampeo que se alongarán durante un ano, a través de accións mensuais.

Polas estimacións dos técnicos de



"Rentokil", uns 300 exemplares compoñen a poboación de pombas que actualmente hai no centro urbano da cidade.

A colocación de xaulas para a captura destes animais realizarase tamén no edificio do Concello, na praza Arquitecto Antonio Palacios. En ambos os dous comprobouse que as pombas colocan os seus niños e polo tanto se concentran en eles a maior parte destas aves.

O PORRIÑO

Medio cento de establecementos sumaronse á iniciativa “Tropa Verde” para reciclar con premio

Concello do Porriño, a plataforma “Tropa Verde” e directivos da Asociación Nacional de Empresas Distribuidoras de Electrodomésticos (ADEN) presentaron hoxe en rolda de prensa a iniciativa de recollida e reciclaxe de pequenos aparellos eléctricos e electrónicos fora de uso.

Por terceiro ano consecutivo “Tropa Verde” e o Concello do Porriño manteñen a súa colaboración coa finalidade de concienciar ós porriñeses sobre a importancia da reciclaxe, “unha cooperación que agradecemos de xeito moi especial”, segundo valorou a alcaldesa Eva García que estivo presente no arranque da rolda de prensa e logo tivo que ausentarse por outros compromisos.

Sergio Casal, concelleiro de Limpeza manifestou o seu desexo de “poder establecer con Tropa Verde e a asociación ADEN máis accións de fomenta da reciclaxe que poderían extenderse ás parroquias do concello.”

Este ano tres establecementos de venda de electrodomésticos de Porriño súmanse como entidades colaboradoras habilitándose 3 puntos novos onde se facer entrega de aparellos eléctricos en desuso. Son “Master Dani”, en rúa Progreso, 15; “Connecta Bugarín” no lugar



de Abelenda, 2 en Pontellas; e “Tien 21 Reverendo” en rúa Ramirás, 13.

Cada vez que unha persoa acuda a unha destas tendas a entregar un vello electrodoméstico, recibe un cheque con estrelas que pode trocar por recompensas en forma de premios e descontos en comercios e hostalaría local que colaboran. Neste intre xa son cincuenta establecementos comerciais e de hostalaría que se vencellaron á iniciativa.

Para estimular a participación da veciñanza de Porriño “Tropa Verde” vai realizar “unha laboura de buzono para contrarrestar a falla de información que moitas veces dificulta a reciclaxe”, manifestou Marta Morán, responsable de “Tropa Verde”.

Pola súa banda Javier de la Cerda, secretario xeral e Paula Paz, directora técnica da Asociación Nacional de Empresas Distribuidoras de Electrodomésticos, explicaron que esta organización patronal “engloba ás cadeas de distribución e as tendas de venda de electrodomésticos que son comercios locais ou de proximidade que teñen un maior grande compromiso co medio ambiente”. “Nós representamos a máis de 600 establecementos polo que estamos presentes en máis de 170 concellos de Galicia e sumamos unha superficie de venda na nosa comunidade que supón 96.000 metros cadrados máis do que teñen as grandes superficies comerciais”, engadiu Paula Paz.

Aberta a aula CEMIT do Porriño



No Multicentro de Torneiros está aberta dende o pasado 5 de xullo a Aula CEMIT. Trátase dun espazo dotado con equipos informáticos a disposición dos usuarios que acudan.

O horario de funcionamento é de luns a xoves, de 9h a 14h e de 16h a 19 h. Os venres de 8h a 15h.

No mes de agosto o horario será máis restrinxido, de 8:15h a 14:15 h.

Neste aula realizaranse cursos gratuitos relacionados coas novas Tecnoloxías da Comunicación, mediante charlas e xornadas, un aula aberta para uso dos equipos informáticos e co apoio do responsable para a resolución de dúbidas relacionadas coas TICs.

Para máis información pódese recabar a través do correo electrónico: cemit.oporrino@xunta.gal, tamén na propia aula ou ben no tfno. 986 338 217.



Concello do
Porriño

unha ollada diferente

verán cultural

xullo 2019

festas do

cristo

MARTES 9

23:00 Cíñe na Rúa. Praza do Concello.

MÉRCORES 10

20:00 Aula aberta de ioga con Vanessa Guisande. Parque da Gándara.

22:45 Teatro Castro Barreiro, "A ORIXE". Praza do Concello.

XOVES 11

19:30 Contacontos en inglés, "The King's Servant". (Organiza Kids&Us Porriño). Praza do Concello.

22:30 Actuación do Centro Cultural O Borrallíño. Parque Aragón.

VENRES 12

18:00 Día da Infancia, hinchables, xogos... Parque da Gándara.

23:00 Actuación do grupo Voces do Arrieiro. Praza do Concello.

SÁBADO 13

XVI Rallye SURCO. Organiza Escudería Surco (Consultar programación).

21:30 XXVIII Festival de Bandas de Música de Salceda. Banda de Música Castrelo de Cambados, Banda de Música Xuvenil de Barro, Banda de Música Cultural de Salceda. Patio traseiro do CEP Altamira.

DOMINGO 14

21:00 Exhibición de Break Dance. Parque Raiña Aragón.

LUNS 15

23:00 Actuación da Agrupación Cultural Xunco. Praza do Concello.

MARTES 16

22:30 Actuación do grupo OS DE AQUÍ. Praza do Concello.

MÉRCORES 17

20:00 Aula aberta de ioga con Vanessa Guisande. Parque da Gándara.

21:30 Actuación do Coliño Ballongo. Parque Raiña Aragón.

22:30 Baile de Salón. Patricia Martínez e alumnas/os. Parque Raiña Aragón.

XOVES 18

22:00 XXIV Festival Folclórico. Grupo Folclórico Xunco, Grupo Folclórico Castro Barreiro, Grupo Folclórico O Serán, Grupo Folclórico O Freixo (Entenza), Grupo de Gaitas Airiños do Caselas. Parque Raiña Aragón.

VENRES 19

18:00 Festa da Escuma. Praza do Concello.

23:59 V Festival Vaia Cristo. (Coorganiza ACDE Treze Catorze). Antigo Matadoiro.

Os Resíduos Atractivos / The Lelli Kelly's / Thee Blind Crows

SÁBADO 20

DIRT TRACK (Organiza Entroido A Feira). Campo das Curuxei-ras. Consultar programación.

20:00 Desfile da Agrupación Gaiteira de Salceda polas rúas da Esfarrapada.

22:00 X Estourazo de inicio das Festas do Cristo desde o balcón da Casa da Cultura.

23:00 Verbeña co Grupo La Nave e Actuación de Susana Seivane.

DOMINGO 21

11:45 VIII Acto Cívico Salcedenses Distinguidas/os.

12:45 Misa cantada pola Coral Polifónica de Santa Maria de Salceda.

13:30 e 21:00 Concerto da Banda de Música Cultural de Salceda de Caselas.

22:00 Verbeña con Grafitti e La Dimensión.

LUNS 22

21:30 Clase aberta de Zumba con Noelia Rodriguez.

22:30 Verbeña coa Orquestra La Estación e Grupo Nebraska.

OUTRAS ACTIVIDADES

Feira Medieval (Organiza ACISA)

Do 5 ao 7 de xullo na Praza do Concello.

Exposición Meninas en Flor. (Concello de Ponteareas)

Do 1 ao 15 de xullo no Auditorio Municipal e na Casa da Cultura Castela.

V Torneo de Fútbol Sala "Vila de Salceda"

Do 15 ao 19 de Xullo na zona deportiva de Altamira.




Concello de
**Salceda
de Caselas**



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA | **ponteagal**



amigos da música
de caselas



SALCEDA DE CASELAS

Movemento Salceda e PSdeG-PSOE veñen de asinar o acordo para o Goberno do Concello de Salceda neste mandato 2019-2023.

Tal como xa se adiantou tras o pleno de investidura a Alcaldía será rotatoria iniciando o mandato Loli Castiñeira por Movemento Salceda, e continuando Verónica Tourón polo PSdeG dentro de 2 anos.

As dúas formacións estableceron tamén a distribución de áreas e responsabilidades que quedará do seguinte xeito: Loli Castiñeira (MS) Persoal, Igualdade e Coordinación de proxectos; Alex Rodríguez (MS) Cultura, festexos, normalización lingüística, asociacionismo, novas tecnoloxías, mocidade e patrimonio; Miguel González (MS) Vías e Obras, Parques e Xardíns e Servizos Municipais e Mobilidade; Lucía Pereira (MS) Facenda, Réxime Interior, Seguridade e Tráfico e Turismo; Verónica Tourón (PSOE) Urba-

nismo, comercio e industria, participación cidadá, emprego e formación; Ángela Ledo (PSOE) Ensino, Infancia, benestar social, sanidade e voluntariado; e Rubén González (PSOE) Deportes, medio ambiente e medio rural.

Ademáis o acordo recolle as liñas estratéxicas fundamentais para o Goberno de coalición:

Por un lado establécese o compromiso de iniciar de inmediato os trámites para someterse á Mediación laboral, tal como xa se comprometera o equipo de goberno de Movemento Salceda ao igual que o PSdeG ante os representantes sindicais antes das eleccións. MS e PSdeG acordaron tamén sacar adiante en paralelo a RPT e o Convenio Colectivo.

Por outra banda o equipo



de Goberno iniciará os traballos para aprobar os orzamentos de 2019 canto antes. Así mesmo o pacto de goberno recolle a elaboración de Orzamentos participativos a partires do ano 2020.

MS e PSOE asinaron este acordo, no que se reflexan moitos puntos entre os que se atopan as medidas anteriores e outras que se irán pondo en marcha ao longo da lexislatura, co obxectivo fundamental de

crear un goberno forte, compacto, leal e que traballe en equipo, nunha situación de maioría que lles permita seguir co proceso de cambio e transformación de salceda iniciado no ano 2007.

O Penedo Redondo mellora as súas instalacións para a vindeira tempada

O Concello de Salceda iniciará nestes días as obras da primeira fase do proxecto de mellora das instalacións deportivas municipais de Penedo Redondo, ubicadas na parroquia de Parderrubias. Nesta primeira fase contémpase a construción dunha sala de usos múltiples á que se accederá dende a fachada sur do edificio actual, na que se contará con un vestiario. Ademais crearase unha cantina con acceso dende o lateral do propio campo, xerando así percorridos diferenciados para espectadores/as e xogadores/as. Esta cantina contará ademais cun almacén e dous aseos accesibles. Por último, prevese a construción dunha pérgola



metálica con cobertura de brezo para crear unha zona de sombra. O proxecto, cun orzamento de 87.688,13 €, executarase con cargo ao Plan Concellos 2018/2019.

O campo de fútbol do Penedo Redondo, construído no ano 2010 nos terreos da comunidade de montes de Parderrubias con un acordo de cesión de dereito de superficie ao Concello de Salceda de

Caselas, conta na actualidade con máis de 250 usuarios/as habituais, pois acolle aos máis de 250 nenos e nenas das Escolas de Fútbol Denis Suárez, a Sociedade Deportiva de Parderrubias (equipos A e B), o equipo de fútbol 8 feminino das Escolas Deportivas de Salceda e o equipo de Veteranos do Caselas, así como os adestramentos do propio Caselas F. C.

**Osteopatía - Quiromasajista
Acupuntura**

**Insomnio
Depresión
Dolor crónico
Relaxación
Neuralgias
Bronquitis
Gases, estreñimento
Artritis
Artrosis
Retención líquidos
Celulítico
Obesidad
Reductor, varices
Facial
Contracturas - Reflexología
Osteopatía - infantil, adultos**

**A domicilio personas
dependientes
y en estado vegetativo**

Tlf.: 643 702 593
María Del Pilar Vázquez Rivera
C/ Rafael Tilde Adrio n.º 2 bajo Salceda de Caselas

LOURINHA

O Goberno de Salceda solicitará a mediación para resolver o conflito laboral

Tal como xa anunciara antes das eleccións municipais, o equipo de goberno iniciará os trámites para someterse ao servizo de mediación e rematar así co conflito laboral do Concello. O equipo de goberno cumpre así co seu compromiso, recollido no pacto de goberno asinado polas dúas forzas (MS e PSOE) para esta lexislatura,

e no que se especificaba a necesidade de intentar solucionar a situación laboral e as solicitudes trasladadas por parte da plantilla municipal.

A Alcaldesa, Loli Castiñeira, que ademais ostenta a área de persoal, trasladoulle xa á plantilla municipal nunha reunión informativa o pasado 27 de xuño a intención de acudir

ao servizo de mediación, polo que en breve se procederá ó inicio das xestións pertinentes.

O equipo de goberno pretende así chegar a un acordo, polo que lles pide aos traballadores e traballadoras municipais un marxe de confianza para que poida botar a andar o proceso.



Con todo, este goberno e partidario de levar a cabo a mediación no momento no que realizen as eleccións sindicais

correspondentes e agarda chegar a un acordo cos Sindicatos nese senso.

A biblioteca de Salceda cambia o sistema de xestión

A Biblioteca Municipal de Salceda, integrada na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia, procedeu a realizar o cambio de sistema de xestión.

A substitución do sistema Meiga polo novo KOHA vai facilitar a labor do persoal técnico das bibliotecas a través dunha xestión unificada e eficaz, ademais de numerosas vantaxes para as persoas usuarias: acceso aos servizos de tódalas bibliotecas da rede, consulta do catálogo xeral da rede, servizos online sen necesidade de desprazamentos e préstamos de libro dixital. Así, o novo carné da biblioteca será un carné "universal" que permitirá o acceso á totalidade das bibliotecas integradas na rede.



Alejandro Rodríguez, Concelleiro de Cultura coa bibliotecaria de Salceda

Ademais, a biblioteca pasará a contar coa denominada "Política C", que permitirá ás persoas usuarias realizar ata cinco préstamos simultáneos e facelo por un período de 21 días.

Deste xeito, Salceda únese aos Concellos que migran do sistema Meiga, usado ata o de agora, ao KOHA. Isto posibilitará a integración de todas as bibliotecas públicas de Galicia, coa creación dun catá-

logo único e a unificación do traballo do persoal técnico das bibliotecas. Outra das novidades que trae consigo a instalación deste novo sistema é a creación dun carné único para todas as usuarias e usuarios, podendo acceder aos servizos de todas as bibliotecas integradas na Rede. As socias e socios deberán pasar pola biblioteca municipal para obter o novo carné.

O PSOE de Mos denuncia que non se solicitaron dous obradoiros de emprego

Dende o Partido Socialista de Mos recriminan a "deixadez" do goberno local por "non haber solicitado en tempo e forma dous obradoiros de emprego". Refírense a

un dirixido a persoas maiores de idade desempregadas e outro para menores de idade incluídos no programa de garantía xuvenil. Ambos, serían financiados pola Xunta de Galicia facéndose cargo o Concello de Mos tan só dos gastos dos materiais utilizados, segundo apuntan dende a agrupación local.

A voceira socialista, Victoria Alonso, reclama expli-



cacións ante "esta falta de respecto e interese pola veciñanza mosense xa que é a primeira vez que Mos non solicita este tipo de obradoiros". Alonso di que o prazo rematou o mes pasado e que "o concello non fixo ningunha xestión, demostrando unha vez máis que o Partido Popular preocupase antes dos seus propios intereses antes que de mirar polo concello".



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Tradución e corrección: Montserrat Rodríguez
cursosspanhol.cep@gmail.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 986 64 12 69
redaccion@novasdeturonio.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Dpto. propio e axencias
publicidade@novasdeturonio.com

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Rocio Pereira Luzro81@hotmail.com, Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Viale Moutinho, Manuel X. Xiraldez, Fco. Puñal Suárez, Pilar Martínez, Manuel Rodríguez Alonso, Xulián Maure, Uxío Breogán, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Luís Martínez Risco, Fco. Peña Castiñeira, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Isabel Varela, Francisco Álvarez-KOKI.

Depósito legal: VG 40-2016

MOS

O BNG de Mos denuncia a falta de previsión para aplicar a normativa antiincendios



O Concello de Mos acaba de aprobar un Plan contra Incendios no que se inclúen, de acordo coa información oficial, “15.000 fincas que deberán ser limpas polos seus propietarios”, unha medida que chega con varios meses de demora. Dende o BNG lembran que a administración local ten a obriga de garantir que existan faixas de protección en torno aos núcleos de poboación e denuncian a falta de previsión do goberno do PP. A lista das parcelas que incumpren a normativa faise pública agora, en pleno mes de xullo, cando a Xunta establece o 31 de maio como data límite para que os terreos máis próximos ás vivendas estean libres de maleza, acacias, eucaliptos e piñeiros.

O portavoz nacionalista no concello, Gustavo Barcia, sinala que “no termo municipal existen numerosos exemplos de lugares onde a lei se incumpre de forma evidente” e acusa ao goberno de Nidia Arévalo “deixar de lado as

súas responsabilidades en materia de prevención de incendios”. Na súa opinión, “estando en temporada de alto risco, non é o mellor momento para acometer a limpeza dos montes, xa que non é a primeira vez que unha chispa dunha máquina provoca un incendio”.

Parcela abandonada en Puxeiros

O concelleiro do BNG pon como exemplo da “neglixencia do goberno” a existencia dunha finca cuberta de silveiras en plena Avenida de Puxeiros, nunha das zonas do concello con maior densidade de poboación. O terreo está situado entre un establecemento de hostalería e un taller de automoción e, no caso de que un incendio se iniciara no lugar, Barcia estima que “as lapas poderían estenderse con moitísima rapidez”. Por este motivo, reclama que o novo concelleiro de Medio Ambiente adopte, “con carácter inmediato”, as medidas oportunas para garantir que o propietario manteña a súa parcela en perfecta orde de limpeza.

Mos asina un convenio para mellorar o piso do Pavillón Óscar Pereiro



O Concello de Mos vai asinar un convenio de colaboración coa Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia polo que a administración autonómica asumirá o arranxo do parque concedéndolle á administración local unha subvención de 20.000 euros. Esta mellora era moi necesaria sobre todo para a práctica dun dos deportes máis prolíficos do municipio, o patinaxe artístico.

As de partinaxe son unhas das escolas deportivas con máis integrantes do Concello de Mos. En total sobre uns 160 nenos/as e mozos/as practican este deporte formando parte dun dos tres clubs mosenses: Escolas de Patinaxe de Mos (que conta cuns 100 patinadores/as), Club Rosaleira (que conta con sobre 30 patinadores/as) e Xiramos (que conta con outros 30 integrantes).

Todos estes xoves patinadores realizan os seus adestramentos no Pavillón Óscar Pereiro e no Pavillón

Soledad Castro, polo que a optimización do firme do primeiro era unha importante demanda que por fin se fai realidade.

Os traballos que se realizarán con cargo ao convenio serán de fixación das tablas do parque, pulido e barnizado das mesmas, así como posterior marcado e pintado das diferentes liñas que delimitan os terreos de xogo para os distintos deportes que alí se practican.

Por esta pista do Pavillón Óscar Pereiro pasan 1.500 persoas á semana. Trátanse de usuarios pertencentes aos clubs de patinaxe municipais, nenos/as das Escolas Deportivas de Baloncesto (actividade extraescolar), adultos e cativos que practican o fútbol sala, maiores participantes na actividade de ximnasia de mantemento do programa municipal ‘Exercítate’, mozos do IES de Mos que acuden a realizar algunhas das súas horas lectivas de clases de Educación Física, etc.

Fai valer os teus dereitos!

Recupera os teus cartos sen provisión de fondos.

881 964 020

· CLÁUSULAS DE CHAN E GASTOS ·

· ACCIÓNS DO BANCO POPULAR ·

Ampliación de capital 2016



PÉREZ - LEMA

Avogados e consultores

Bancario - Mercantil - Penal - Administrativo
Concursal - Laboral - Litigacións en xeral

www.xoanantonperezlema.com Fontán, 4 - 3ºD. 15004, A Coruña

LOURIÑA

A Xunta de Galicia comprometeuse a presentar un proxecto de mellora na travesía de A Vaquería

A Xunta de Galicia tén de prazo ata o 11 de outubro para presentar un proxecto de mellora da seguridade viaria na travesía do barrio A Vaquería, en Budiño, segundo o compromiso adquirido hoxe ante a alcaldesa do Porriño e unha representación vecinal. Nun encontro celebrado en Vigo na sede da Delegación Territorial da Xunta, con Francisco Menéndez, Director da Axencia Galega de Infraestructuras, acadouse ese compromiso.

Segundo explicou Eva García, despois da reunión de dúas horas de duración, “achegamos posturas entre vecinos de A Vaquería e Xunta de Galicia para unha mellor solución ós problemas de seguridade viaria da travesía da estrada autonómica PO-510 por ese barrio de Budiño”.

A alcaldesa explicou que o Director da Axencia Galega de Infraestructuras aceptou incorporar dúas rotondas, un semáforo con pulsador e sendas para peóns para



mellorar a seguridade dos veciños. Cando sexa presentado o proxecto, “os veciños disporán dun período de alegacións para formular

as súas aportacións que poidan ser incorporadas co correspondente aval dos técnicos da Consellería”, declarou Eva García.

35 novas empresas no Porriño

Porriño é o concello co segundo mellor índice de dinamismo empresarial no ámbito da Zona Franca, despois da cidade de Vigo. Segundo datos dese organismo público difundidos esta semana, no que vai de ano en Vigo crearonse 287 empresas. E a continuación é O Porriño o concello con máis sociedades creadas, 35 novas empresas, grazas ó seu gran peso industrial cos polígonos de A Granxa e As Gándaras.

Porriño supera a Nigrán e Redondela que contabilizan 16 y 15 novas empresas respectivamente. Asimesmo Porriño marca unha notoria diferenza en relación con Mos que rexistrou a creación no que vai de ano de 8 empresas.

25 DE XULLO

DÍA DE GALICIA

“Moito que festexar, moito máis que vivir!”

FESTEXA GALICIA



XUNTA DE GALICIA

Xacobeo 2021

O IGVS destinará 300 mil euros á compra de inmobles no conxunto histórico de Tui para a súa rehabilitación ou renovación

O Concello de Tui lembra que até o 31 de xullo está aberto o prazo para que os propietarios de vivendas no conxunto histórico de Tui poidan presentar a súa solicitude á oferta de compra que realiza a Xunta de Galicia a través do Plan Rexurbe. Ao abeiro deste plan o IGVS destinará 300 mil euros á adquisición de inmobles situados no conxunto histórico de Tui para a construción de edificios de vivendas ou para a súa rehabilitación ou renovación.

O pasado 8 de abril publicouse no DOGA a resolución pola que o IGVS acorda realizar unha oferta pública de adquisición, mediante compra, de inmobles situados nos núcleos históricos dos concellos de Tui, Ferrol, Betanzos, Ri-



badavia e Ourense para a construción de edificios de vivendas ou para a súa rehabilitación ou renovación.

Segundo o recollido na resolución os propietarios interesados en vender os seus inmobles dispoñen ata o próximo 31 de xullo para presentar as súas ofertas ao Instituto Galego da Vivenda e Solo. Na resolución publicada no DOGA recóllense as características que deben reunir os inmobles, así

coma o proceso de solicitude que deben cumprimentar os propietarios que desexen vender as vivendas situadas nas rúas Bispo Lago, Antero Rubín, Cuenta, Piñeiro, Sanz, Pracer, Bispo Castañón, Porta da Pía, Ordóñez, Seixas, Párroco Rodríguez Vázquez, San Telmo, Tide, Ouro, nos calexóns das Monxas, Tide, Ouro, camiño Entrefornos, ou nas prazas de San Fernando, Pracer, do Concello, e da Armada Española.

Carme Núñez reclama que se limpe a zona exterior da Alameda de San Domingos e o arranxo da fonte do Paseo Familia Álvarez

O BNG solicita que se arranxe a condución de auga que abastece a fonte situada no parque infantil do Paseo da Familia Álvarez Blázquez levando esta petición a través dun rogo ao vindeiro pleno municipal.

Tal como se mostra nas fotografías, a fonte está sen auga nun local onde as crianzas e familias pasan tempos de xogos e ocio. Segundo comentan @s usuari@s do parque infantil, o desperfecto leva meses sen arranxar.

"Nesta época de verán, con altas temperaturas, non ten sentido que os recursos hídricos nos parques onde xogan nenas e nenos, non sexan aproveitados correctamente."apuntou Carme Núñez, portavoz do BNG en Tui.

Por outra parte, a maleza



invade tamén a zona exterior da Alameda, a que dá contra o río, como mostran as fotografías que adxuntamos. "Animamos aos responsábeis municipais a dar un paseo pola zona e comprobar eles mesmos, directamente, canto se pode mellorar, sen dúbida, a limpeza e adecentamento desta parte da nosa contorna", sinalou a portavoz nacionalista.

O alcalde de Tui, Enrique Cabaleiro, deu a coñecer as delegacións de funcións nos membros do seu equipo de goberno

A través dunha Resolución da Alcaldía a distribución de funcións queda como segue: María Yolanda Rodríguez Rodríguez: Urbanismo, Facenda e parque e xardíns, Rafael Estévez Martínez: Deporte e Medio Rural, José Ramón Magán Rivera:

Persoal, Seguridade e Protección Civil, Ismael Diz Garrido: Servicios Sociais e Medio Ambiente, Laureano Alonso Álvarez: Turismo e Camiño de Santiago, Novas Tecnoloxías e Patrimonio, María Sonsoles Vicente Solla: Ensino e Cultura. Ana María Núñez Álva-

rez: Emprego e Formación, Igualdade e Xuventude e Javier Rodríguez Gómez: Parque Móvil.

A dirección e xestión das áreas de Eurocidade, Relacións Supramunicipais, Cordinación de Proxectos e Vías e Obras, serán competencia da alcal-

día

Por outra banda tamén resolveu Enrique Cabaleiro, nomear as tenencias de Alcaldía como se detallan a continuación: 1º Tenencia de Alcaldía: Rafael Estévez Martínez, segunda tenencia: María Yolanda Rodríguez Rodríguez, 3ª Te-

nencia: Jose Ramón Magán Rivera e 4ª : Laureano Alonso Álvarez.

Finalmente a Xunta de goberno local estará composta por: Enrique Cabaleiro, Rafael Estévez, María Yolanda Rodríguez, José Ramón Magán, Ismael Diz e Laureano Alonso.

ALMACEN URBANO
Vinos

CASAL ABOY 21B-36700 TUI (PONTEVEDRA)
T. +34 986 184 837 - M. + 604 024 160

info@almacenurbanovinos.es

fwww.facebook.com/AlmacenUrbano

CAFETERÍA
D'PEYO

Desayunos - Bocadillos - Hamburguesas - Pizzas
Fútbol en pantalla gigante

986 660 368

Praza Maior, 8

Ponteareas

BAIXO MIÑO

Música, historia, cinema e deporte na oferta estival do “Verán na rúa” en Tui

A oferta estival do Concello de Tui para os meses de xullo e agosto recolle música, historia, cinema e deporte baixo o lema de “Verán na rúa”. Esta programación cultural en Tui pivota sobre tres grandes eventos que se van celebrar na cidade. Son o IKFEM, o Festival Internacional de Instrumentos de Tecla, a Festa do Miño, e o Festival da Cultura Arraiana, Arraianos. Recolle tamén o ciclo “Cinema de Verán”, a IV Aula Internacional de Saxofón e a Noite Internacional do Miño. A programación que comeza este venres, 12 de xullo, e se prolongará até o 1 de setembro foi presentada esta mañá na casa do concello.

O alcalde, Enrique Cabaleiro, destacou na súa intervención que precisamente esta progra-

mación cultural reflicte as potencialidades e singularidades que ten o municipio. Así a Festa do Miño, á que dicía hai que darlle maior transcendencia no futuro, é un exemplo das potencialidades naturais de Tui, Arraianos recolle a riqueza patrimonial, o IKFEM o carácter transfronteirizo da cidade, a Noite Internacional do Miño plasma a boa saúde do movemento asociativo, e a Aula Internacional de Saxofón da visibilidade á potencialidade académica a través do Conservatorio de Música. Afirmaba o rexedor que esta programación vai ser un reclamo máis para visitar Tui este verán.

A concelleira de Ensino e Cultura, Sonsoles Vicente, explicou o cambio de formato na presentación da programación que por cuestións económicas

non se recolle nun novo número da Axenda Corredoira Cultura, xa que indicaba que a partida de Cultura está completamente esgotada e superada. Por este motivo, en formato calendario reflíctese baixo o lema “Verán na rúa” a programación para o mes de xullo e o de agosto, e comezarán a planificar a programación de desenvolver nos últimos meses do ano. Destacaba amais a concelleira os eixos centrais desta programación co IKFEM, a Festa do Miño e o Festival Arraianos. Avanzaba a intención de dar maior pulo a Aula Internacional de Saxofón, froito do investimento público realizado no conservatorio tudense, tamén agradecía o labor do Kaiak Tudense e das asociacións culturais na Festa do Miño, un evento que considera se debe po-



tenciar. Ao tempo aludiu á consolidación da Noite Internacional do Miño, e da proposta para público familiar co cinema na rúa.

O público familiar poderá

gozar da proxección de catro películas no ciclo “Cinema de Verán” na praza de San Fernando. A primeira hoxe venres, 12 de xullo, ás 22.30 h será “Como entrenar a tu dragón”

Continúa na páxina seguinte...

GOLOSO
Golosinas
Helados
Snacks
Refrescos
Tartas de Gominolas
Artículos de Regalo

Calle Oia n 8 - TUI Tel: 886 135 477
661 53 56 75
facebook.com/golosatui

Somos Diferentes
Endulzate la vida

Especialistas en Dulces Sucos

M&R
ESTILISTAS

C/ Alcalde Casal Aboy, N°21 Bajo - TUI
@myr.tui.estelistas@gmail.com

986 604 444 682 800 754

TODOS OS XOVES NA
A TABERNA tui
Pulpo á Feira
PULPEIROS
A RENTEIRO
do Carballiño
636 634 164

TAMBIEN PARA LLEVAR PARA CASA

Desde 2011
TUI TÉ
ESPAÑA
TÉS
ESPECIAS
PLANTAS MEDICINALES
Paseo de la corredora
Calvo Sotelo, 6.
Tui

www.tui-tes.es Telf: 986604569 whatsapp 653804040

A Taberna Tui
TAPAS VARIADAS
TODOS OS XOVES
PULPO A FEIRA
PARA COMER E PARA LEVAR

C/MARISTAS, 26 TUI
TL: 635 50 40 10

Cafe - Bar
SOEIRAS

Tel.: 986 601 796

Pontevedra 10b-Guillarei 36700 -Tui (Pontevedra)

Recepción aos nenos e nenas saharauís que pasarán o verán en Tui

O pasado 15 de xullo tivo lugar na casa do concello de Tui a recepción aos tres nenos e nenas saharauís que pasarán o verán en Tui dentro do programa “Vacacións en Paz”. O alcalde, Enrique Cabaleiro, deulles a benvinda xunto ao concelleiro de Servizos Sociais, Ismael Diz, e a concelleira de Igualdade e Xuventude, Ana Mª Núñez.

Son dúas nenas, Yamila e Mariem, as que por terceiro ano pasarán o verán en sendas familias acolledoras de Tui, e as elas sumouse este ano Omar que a primeira vez que



viaxa a España e pasará tamén os próximos meses na cidade.

Tanto o alcalde, Enrique Cabaleiro, coma o concelleiro e a concelleira, desexaron aos

nenos e nenas unha boa estadía na cidade lonxe das inhóspitas condicións do deserto onde viven nos campamentos de refuxiados saharauís.

A mediación do Concello de Tomiño permite retirar o embarcadoiro do antigo ferry con Cerveira

A mediación do Concello de Tomiño posibilitou a retirada do embarcadoiro do antigo ferry-boat que unía Goián e Cerveira e que, dado o seu estado de deterioro e abandono, constituía un perigo para os piragüistas do Club Deportivo Miño e público en xeral. Logo de que repetidas veces durante os últimos anos, o Concello solicitara a Portos de Galicia, a retirada do mencionado embarcadoiro, sen resultados, o primeiro conse-



guiu chegar a un acordo para que un estaleiro de A Guarda se ofrecera a desmontar a antiga instalación e a levala río abaixo, sen custes para a Xunta de Galicia, a cambio de aproveitar os materiais para construír un pantalán flotante na Pasaxe.

... Ven da páxina anterior.

“Verán na rúa” en Tui

3”. Mentres para o mércores, 24 de xullo, ás 22.15 h está programada “El regreso de Mary Poppins”. Xa en agosto a primeira cita será o venres, 2 de agosto, ás 22.15 h coa proxección de “Small foot”, e o mércores 14 ás 22.00 h a película que pechará o ciclo será “Teen Titans Go”.

Este domingo, 14 de xullo, comeza a IV Aula Internacional de Saxofón, que contará cunha vintena de alumnos nas masterclasses previstas a cargo dos profesores Xosé Luís Miñuélez, gañador dos premios Martín Codax ao mellor disco de jazz; Rafael Yebra, profesor catedrático do Conservatorio Superior de Música de Vigo, e Kyle Horsch, profesor catedrático do Royal College de Londres, que ofrecerá en Tui a súa primeira masterclass en España. De forma paralela celebraranse catro concertos. O domingo 14, ás 20.30 h, na igrexa de San Domingos o primeiro concerto correrá a cargo de Multiplesensemble cun programa para saxofón, percusión e

electrónica. O luns 15, ás 20.30 h, na praza de San Fernando actuará Xacobe Martínez Antelo trío. Mentres o martes 16, ás 21 h, na Igrexa de San Domingos Kyle Horsch e Rafael Yebra presentarán un programa de música contemporánea. Sobre este concerto Jorge Vicente, coordinador da Aula Internacional, explicou amais que ao igual que nos últimos anos tamén nesta ocasión van realizar a estrea absoluta dunha obra do compositor galego Xesús Xosé Iglesias González neste concerto do martes. Clausurará os concertos Sax Inflexión o mércores 17, ás 20.30 h, no palco da música no Cantón de Diómedes, no Paseo da Corredoira.

Co lema “Music&Fashion” vaíse celebrar do 14 ao 21 de xullo a sétima edición do IKFEM, o Festival Internacional de Instrumentos de Tecla da Eurocidade Tui-Valença. Un festival que celebrará 22 eventos en 14 espazos como o Paseo Fluvial, o Teatro Municipal, o Centro Interfederado de Remo

e Piragüismo, o Seminario Menor, a Catedral, en Tui, e en distintos espazos na Fortaleza de Valença, como explicaba a directora do IKFEM, Andrea González. Amais este ano por vez primeira amplía o seu territorio cos “Concertos no Miño” que comezan este domingo en Tomiño e Cerveira. Destaca amais pola singularidade o desfile de moda de Agatha Ruíz de la Prada e Katty Xiomara na vella Ponte Internacional o próximo venres 19. Omirí, Pedro Moutinho, O Fiadeiro, La Ritirata, serán algúns dos nomes propios que actuarán no festival, onde se estreará a Orquestra IKFEM. A programación completa pode consultarse en www.ikfem.com.

O parque do Laxal en Rebordáns será o escenario da XX Noite Internacional do Miño, un evento organizado pola Escola de Baile e Música San Fins de Rebordáns que cada ano presenta o folclore máis internacional con grupos de distintos continentes. Dende ás 21.30 h actuarán o Grupo



Cultural Netos de Bamdin de Guinea Bisau, Folk Ballet Ensemble Simyonov de Serbia e Compañía Nacional de Danza Folclórica de México.

O sábado 10 de agosto ao longo de toda a xornada celebrarase a IX Festa do Miño que aúna deporte, lecer, gastronomía e música en distintos emprazamentos dende a ribeira de Caldelas, o río Miño, a rúa Olímpicos Tudenses, e a rúa Compostela. O programa previsto comezará coa Romaría Popular na ribeira de Caldelas, onde ás 16 h sairá o Descenso Popular do Miño para o que está xa aberto o prazo de inscrición na web www.kayaktudense.org. Salvaterra acollerá a saída do Descenso Internacional do Miño que rematará fronte ás gradas da rúa Olím-

picos Tudenses. Xa dende ás 20 h a cita estará na rúa Compostela coa Festa Gastronómica e o concerto de Fillos do Estramonio. Cómpre lembrar que dende o ano pasado este evento é Festa de Interese Turístico Galego.

A programación do verán pecharase do venres 30 de agosto ao domingo 1 de setembro coa celebración da IV Festival da Cultura Arraiana, Arraianos. O conxunto histórico será o escenario dunha proposta histórica marcada este ano na época viquinga como explicaba a súa directora Andrea Costa. Un marco temporal que marcará sobre todo a actividade prevista para o domingo. Tamén avanzou que este ano se recuperan no paseo fluvial os Torneos Medievais.

ENTREVISTA

Por Juan Louzán

Antonio Lomba. Alcalde de A Guarda

“Ofrecemos un goberno de coalición para dispoñer dun goberno estable”

Despois das pasadas eleccións produciuse unha variación no equilibrio de forzas políticas con representación municipal. Custoulle moito acadar un acordo para a constitución do novo goberno de pactos?

É certo que as veciñas e veciñas da Guarda decidiron nas últimas eleccións municipais un resultado no que non houbo un claro ganador que puidera constituír un goberno estable por si mesmo. Pero non é menos certo que houbo un claro apoio ás forzas progresistas. Nós entendemos o resultado electoral como un mandado para chegar a un acordo entre PSOE e BNG.

Os acordos nunca son sinxelos. Cando hai unha negociación todas as partes teñen que estar dispostas a ceder, tanto en

cuestións programáticas, como en parcelas de goberno. Pola nosa parte tiñamos clara a decisión da cidadanía: A Guarda tiña que ter un goberno estable e para iso era necesario un goberno de coalición.

Como valora o nivel de realización dos proxectos que tiña para a Guarda na pasada lexislatura?

O nivel de satisfacción do Grupo Municipal Socialista en canto aos proxectos realizados, que dependían de nós, é alto. Incluso a nivel de xestión temos avanzado en iniciativas que pronto verán a luz. Sería longo de enumerar todas as actuacións que fixemos e que, segundo a nosa valoración, cambiaron para mellor a vida da xente. Por poñer un algúns exemplos poderíamos citar a mudanza das instalacións municipais ao novo

edificio da casa dos Alonsos, a compra da finca de Fínola ou Concepción Arenal, aínda que esta última se retrasou máis do previsto.

Quero destacar que traballamos en todos os ámbitos e que non so nos centramos en facer obras, tamén demos moita importancia a políticas dirixidas as persoas como en Servizos Sociais, formación ou fomento de emprego.

Falando de Concepción Arenal, como valora a resposta da cidadanía a gran obra da lexislatura que foi a humanización integral de Concepción Arenal?

Eu considero que aínda non é momento de facer unha valoración do impacto positivo que producirá Concepción Arenal. Haberá que esperar a que a obra estea rematada. Nos que-



ríamos facer unha rúa accesible, flexible, con creación de espazos para as persoas e redución da presenza de vehículos.

Cando empece a funcionar e nos adaptemos ao gran cambio que representa poderemos valorala de verdade. De momento aínda prevalece a resistencia a mudar as costumes e a incomodidade que produ-

ciron as obras durante tanto tempo. Aínda así agradezo a moita xente que chega a Guarda estes días e que está dándonos os parabéns por como está quedando e o impacto positivo que vai a producir.

Aproveito para agradecer a todas as persoas e colectivos que confiaron en nós e que tiveron paciencia para aguantar

Continúa na páxina seguinte...

Arroces, pescados y mariscos

Cervecería Restaurante

NUEVO PUERTO DE VIGO

Teléfonos de Reserva
91 542 71 87
91 547 87 50

Calle Ferraz, 44
Madrid

nuevopuertodevigo@hotmail.com

atalaia Avd. Doctor Ramos Pereira, 121
4910-54,
VILA PRAIA DE ÂNCORA
CAMINHA
PORTUGAL

RESERVAS +351 258 115 688

EMAIL info@atalaiagalicianseafood.com
WEB atalaiagalicianseafood.com
@atalaiagalicianseafood

Casa Gallega
RESTAURANTE - BAR - MARISQUERIA

RESTAURANTE

CASA GALLEGA

C/ Boredores, 11 - 28013 Madrid - Tels. 91 541 50 55 - 56 - Fax 91 559 12 25
www.lacasagallega.com - casagallega@lacasagallega.com

inmobiliaria
laguardia

San Roque nº 18 - A Guarda
www.riveirasa.com 986 611 452

Promocion S. Miguel

EN O ROSAL

Promocion Couselo

A GUARDA

... Ven da páxina anterior.

a incomodidades que produciron as obras.

Cales son os retos importantes que se plantea para esta nova lexislatura, tendo en conta que agora é alcalde dun goberno de coalición?

Seguimos tendo, ao meu criterio, as mesmas necesidades, logo, os retos e as liñas de traballo son as mesmas. Hai actuacións fundamentais para a prosperidade da vila polas que temos que seguir loitando.

A autovía a Tui e a Escola infantil municipal son obras urxentes para mellorar a nosa calidade de vida e as nosas expectativas. Non é de recibo a estas alturas que se atrasen máis estas actuacións. A Guarda e O Rosal necesitamos estar mellor comunicados por estrada e por suposto é imprescindible ofrecer máis prazas de gardería para dar resposta as necesidades das familias e cumprir os ratios de oferta que nos recomenda a Unión Europea e que asume a propia Xunta

A Xunta de Galicia é perfectamente consciente desta situación e xa vai sendo hora

de que preste a atención ás nosas necesidades.

Ademais destas actuacións tamén necesitamos avanzar nas xestións para conseguir o acceso sur ao porto da Guarda, mellorar a estrada de circunvalación ao monte, incluíndo unha senda peonil que dea seguridade para as persoas, e por suposto, dar pasos para ter un auditorio e mellorar o noso pavillón municipal.

Cales son os pequenos e medianos proxectos que teñen previsto realizar que, segundo vostede, non deben esperar máis? En que necesita mellorar a Guarda?

Temos en proxecto moitas actuacións en diferentes ámbitos. É difícil resumir un programa de futuro nunha entrevista, pero a min gustárame concretar algunhas accións necesarias nas que estamos traballando que representan cambios importantes para a Guarda

Temos que continuar humanizando o casco histórico reducindo a presión dos vehículos. Estamos traballando para a apertura da rúa ingueiros, unha obra que leva décadas sendo

demandada. Imos a abrir o acceso entre a rúa Baixo Muro e a Ireira. Temos que traballar no eido da seguridade viaria en distintos espazos como o entorno dos colexios e a estrada Pintán Proba. E Seguir traballando no eido do Patrimonio e o turismo para explotar máis os nosos recursos.

Un exemplo disto último é o camiño Portugues da Costa. Están aumentando de forma considerable o número de peregrinos e representa un importante recurso económico de futuro

Estanse cumprindo as expectativas que tiñan para este verán, nunha vila turística como a Guarda, en canto a afluencia e resposta aos eventos por parte dos visitantes e turistas?

Como cada verán a oferta cultural é turística é importante en canto a festas e eventos. Este ano tivemos ademais o Encontro de embarcacións Tradicionais que foi todo un éxito, tanto dende o punto de vista



da participación local como polo número de visitantes. Durante eses días miles de persoas participaron cada xornada nas múltiples actividades que houbo no encontro.

A nosa oferta estival está xa moi consolidada, temos unha actividade frenética que nos convirte nunha vila turística de referencia. Dende que comenzamos coas alfombras florais e a festa da langosta disfruta-

mos dun ambiente festivo con eventos todas as semanas que permanece ata finais do verán, sendo o punto culminante Festa do Monte que celebramos a segunda semana de agosto.

A resposta de turistas e visitantes é acorde coa programación que temos e cos valores patrimoniais, naturais, paisaxísticos e gastronómicos dun dos lugares máis fermosos de Galicia.

Taparía El Paseo
VARIEDAD DE TAPAS
COMIDAS PARA LLEVAR

Rúa do Porto, 32
T. 986 61 11 08
36780 A GUARDA
PONTEVEDRA

Rúa do Porto, 7
36780 A Guarda
Pontevedra
Tel. 986 610468

CASA ...en La Guardia VALLADEIRO

Restaurante
Marisquería

Area Grande
restaurante · taparía · cafetería

Praza Area Grande, s/n · 36780 A Guarda (Pontevedra)
☎ 986 61 30 91

Xeito
RESTAURANTE · MARISQUERÍA
TAPERÍA

ESPECIALIDADES
Pescados Relixiosos de Marisco
Pescados y Mariscos de la costa
Bogavante con Azusa
Zamburiñas a la Plancha
Entrecot de Buey
Parrillada de Pescados
Pastres Caseiros

Rúa Fernández Albor, 19 (al final del puerto)
Telf. 986 610 474 - Reservas: 659 904 234
36780 A GUARDA (Pontevedra)

NOTARIADO

José Manuel Rodríguez Casal
NOTARIO

C/ Concepción Arenal 75 2ºG 36780 A GUARDA
Telf. 986 611 005 - Fax 986 611 123
e-mail rodriguezcasal@notariado.org

Todo un clásico de A Guarda, con más de 50 años a su servicio.
Comida casera y extensa carta de vinos.

CASA CHUPA OVOS

Especialidades:
Pulpo con patatas
Estofado de Marisco
Revuelto de la casa
Pescado de la costa

A Roda, 24 - 36780 A Guarda
986 61 10 15

BAIXO MIÑO

A GUARDA

Aberta a licitación das obras para a mellora dos accesos á Praia do Muíño na Guarda

A Deputación de Pontevedra ven de anunciar a licitación do proxecto para a mellora dos accesos á Praia do Muíño depois da sinatura dun convenio, no pasado mes de febreiro, entre o ente provincial e o Concello de A Guarda para o acondicionamento dos accesos á praia de O Muíño, porta do espazo natural protexido do Esteiro do Río Miño, por un orzamento total que ascende ás 192.190,64 €

O acondicionamento dos accesos á praia do Muíño forma parte do proxecto de cooperación europea «Visit Río Miño», de Preservación e valorización do Río Miño Transfronteirizo, en concreto dentro das actuacións comprendidas para a creación do «Anel Verde do Miño», que consiste nunha "rede de sendeiros que comprende máis de cen quilómetros de ciclovías e camiños pedestres entre Galiza e Portugal e é, sen dúbida, un dos maiores atractivos deste territorio e de todo o sur da provincia".

As actuacións previstas teñen unha dobre finalidade, por unha banda a recuperación da contorna, preservando e protexendo un espazo de alto

valor ecolóxico, e por outro lado, a mellora da accesibilidade e os servizos da praia para a cidadanía.

Na actualidade os accesos á praia do Muíño consiste nunha plataforma de recheo e un muro, así como un aparcamento a pé de praia. O proxecto inclúe a construción dunha rotonda para a regulación do tráfico, a ampliación das entradas ao areal e a creación dunha plataforma peonil de acceso a praia.

Antonio Lomba, manifestou a súa satisfacción co proxecto e destacou a relevancia destas obras que "permitirán rexenerar unha das zonas máis importantes para o Concello dende un punto de vista turístico e medioambiental." Segundo explicou, o actual acceso ao areal "rompía a conexión coa natureza" e presentaba "certa degradación". Con estas actuacións "recuperaremos esta área converténdoa nunha paisaxe moi coidada, onde as persoas prevalecerán sobre os coches", evitando que os vehículos poidan chegar ata a beira da praia e que permitirán á cidadanía



"gozar aínda máis se cabe deste entorno inigualable".

A actuación, enmarcada dentro do proxecto Visit Río Minho, consistirá na conexión de dous sendeiros que desembocan no areal, un marítimo e outro fluvial, consolidando un novo treito do Anel Verde do río transfronteirizo formado por rutas galego - portuguesas xa consolidadas, un dos maiores atractivos do sur da provincia. A presidenta da Deputación de Pontevedra, Carmela Silva, o deputado de Cooperación Transfronteiriza e director da AECT Río Miño, Uxío Benítez e o alcalde de A Guarda, Antonio Lomba, coincidiron en destacar a relevancia desta actuación para recuperar un espazo natural de altísimo valor turístico e medioambiental.

A Guarda entrega os Premios de Educación aos mellores expedientes académicos



O luns día 8 de xullo a Casa dos Alonsos acolleu a entrega dos Premios de Educación 2019, uns premios que se realizan dende a Concellería de Educación para premiar aos mellores expedientes académicos dos centros educativos da vila.

Ribeira do Miño
marisquería

Ribeira

PLATOS TÍPICOS GALLEGOS
MARISCADAS PARA LLEVAR

 Santa Brígida, 1
28004 MADRID
Tel. 91 521 98 54
Tel. 91 531 33 93

www.marisqueriaribeiradomino.com

laguardia
& moreira

ESPACIOS DE BAÑO • CERÁMICA • CLIMATIZACIÓN

www.laguardia-moreira.com

A GUARDA

As praias guardesas de “O Muíño” e “Area Grande” contarán un ano máis co distintivo de Bandeira Azul

Un ano máis as praias de “O Muíño” e “Area Grande” do Concello de A Guarda lucirán o distintivo internacional de bandeira azul como recoñecemento á calidade medio ambiental e aos servizos que ofertan.

A Asociación de Educación Ambiental y del Consumidor (ADEAC), e a rama española da Federación Europea de Educación Ambiental (FEE) fixeron público o listado de todas as bandeiras azuis que se concederon no territorio español para esta tempada de verán e o pasado luns foron entregadas as mesmas nun acto no que estivo presente o Presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, e ao que asistiron, en representación da Guarda, o tenente-alcalde, o nacionalista Anxo Baz e a Concelleira de Turismo, a nacionalista Beatriz Lomba.

Estas praias contan cos servizos esixidos por Bandeira Azul como paneis informativos, análise de augas, servizo de limpeza



e de recollida de residuos, duchas e aseos, e o servizo de salvamento e socorrismo que atende aos dous areais e que comeza co arranque estival.

O concello da Guarda quere resaltar o esforzo realizado para a súa concesión no referente o mantemento e mellora das actuacións e servizos vendéndose recompensado un ano máis coas dúas bandeiras azuis para o concello.

Nesta resolución tamén se lle adxudicou o distintivo de “Sendeiro Azul” o camiño que une ambas praias. Este camiño ten o recoñecemento dende o

ano 2013. A finais do pasado ano o Concello da Guarda enviou a documentación da candidatura para que as súas praias e o sendeiro conseguiran este distintivo. Despois de pasar un tribunal nacional e tamén un internacional, finalmente acadouse un resultado favorable.

En total, 156 bandeiras azuis ondearán este ano: en 107 areais galegos; 12 distintivos que recoñecen a excelencia dos portos deportivos; e 22 sendeiros azuis, para A Guarda outorgáronse este ano dúas Bandeiras azuis e un distintivo de Sendeiro Azul.

Visitas guiadas ao Monte Santa Trega da Guarda en xullo, agosto e setembro

Algo igual que en anos anteriores coa chegada da tempada de verán, o Padroado do Monte Santa Trega organiza visitas guiadas para coñecer máis polo miúdo o patrimonio e a historia do Monte Santa Trega.

As visitas guiadas realizaranse os martes, xoves, venres e sábados dos meses de xullo, agosto e setembro en horario de 11:30h, 12:30h e 17:00h.

Ás 11:30h realizarase a visita guiada ao Castro de Santa Trega, que terá como punto de encontro a vivenda reconstruída do Castro de Santa

Trega e que terá unha duración aproximada de 30 minutos.

Ás 12:30h e ás 17:00h terán lugar dúas novas visitas guiadas ao Monte Santa Trega, con punto de encontro no Museo Arqueolóxico (MASAT) e que terán unha duración aproximada de 90 minutos.

Estas visitas guiadas son de carácter gratuíto e sen inscrición previa. Para grupos de máis de 10 persoas se recomenda facer unha reserva previa chamando ao teléfono 986610504.

A taxa de acceso ao Monte Santa Trega é de 1€ para adultos e 0,5€ para menores de 14 anos.



O Concello de Oia reparte 60 trampas para a avespa velutina

O Concello de Oia vén de repartir un total de 60 trampas e atraentes para combater a invasión da avespa velutina. Este material vai destinado a apicultores das distintas parroquias do municipio.

O reparto fíxose en datas de primavera, un dos períodos máis importantes a ter en conta para o control da especie, pois é nese momento no que as raíñas da avespa asiática comezan a formar os seus niños primarios.

Desde a Concellería de Medio Ambiente lémbrese que, en caso de lo-

calización dun niño de velutina, os veciños e veciñas poden dar aviso para a súa retirada no teléfono do Concello (986 36 21 25) ou ben a través da aplicación Línea Verde (para teléfono móbil e tablet).

Charla na escola

Por outra banda, dentro das actividades de información sobre a avespa velutina, o Concello de Oia organizou neste curso escolar 2018-2019 unha actividade en colaboración coa Asociación Galega de Apicultores-Delegación Rías Baixas.

A iniciativa estivo dirixida ao alum-



nado de primaria do CEIP Mestre Manuel García e consistiu nunha charla informativa sobre o problema que causa esta especie de avespa, así

como os diferentes métodos que se empregan para exterminala. Ademais, os nenos e nenas aprenderon a fabricar trampas caseiras.

XVI FESTA DO PEIXE ESPADA

A Guarda

PRATOS

Restaurantes colaboradores: CANGREXAL, O ROXO e XANTAR

CON PEIXE ESPADA

- Peixe espada con cachelos: 10 €
- Guiso de peixe espada: 8 €
- Fideuá de peixe espada: 8 €
- Croquetas de peixe espada: 6 € (10 unidades)
- Empanada de peixe espada: 5 €
- Tostas de peixe espada variadas: 3 €
- Lomo de peixe espada en salsa de vieira: 3 €/unidade
- Zorza de peixe espada: 6 €
- Peixe espada con allo: 6 €
- Salpicón de peixe espada: 5 €
- Empanadillas de peixe espada: 1,50 €
- Peixe espada en escabecha: 6 €
- Albóndigas de peixe espada: 6 € (6 unidades)
- Hamburguesa de peixe espada: 4 €
- Fingers de peixe espada: 6 €

CON TINTOREIRA

- Empanada de tintoreira: 4 €
- Fingers de tintoreira: 4 €
- Pementos recheos de tintoreira: 6 €

OUTROS PRATOS

- Tortilla: 3 €
- Pementos: 4 €
- Ración patatas: 2 €

PROGRAMA

SÁBADO 27 de xullo

11:00 – 12:00 h.
Actuación **Trebón dos Xidos**

12:00 – 13:00 h.
Pregón a cargo de **José Loira Rúa, Secretario Xeral de Pesca** nos anos 1987 ao 1996

- Entrega do **premio do concurso de carteis da Festa do Peixe Espada**. Gañadora **Sara Lomba Vicente**
- Presentación do **IV Campionato Galego Inclusivo de Náutico Adaptado**

13:00 – 13:15 h.
Reprodución audiovisual **"Historia Mariñeira de A Guarda"**

16:30 – 17:30 h.
Actuación do **Mago Zanas**

17:30 – 17:45 h.
Reprodución audiovisual **"Historia Mariñeira de A Guarda"**

18:00 – 19:15 h.
Actuación Grupo **A Boalleira**

19:30 – 20:00 h.
Entrega de premios do **IV Campionato Galego Inclusivo de Náutico Adaptado**

20:00 – 21:15 h.
Actuación Grupo de **Acordeóns Mascarenhas**

22:00 – 23:45 h.
ENCONTRO DOS POBOS

- Poligrodzianie** de Polonia
- Steirischer Schwung** de Austria
- Do Lusco o Fusco** da Guarda
- Vento Mareiro** da Guarda

DOMINGO 28 de xullo

10:30 – 11:15 h.
Presentación do evento internacional **ECODESTIN_Sensea** a cargo da Consellería do Mar (turismo mariñeiro inclusivo)

12:00 – 13:00 h.
Actuación **Agrupación Musical de A Guarda**

13:00 – 13:15 h.
Reprodución audiovisual **"Historia Mariñeira de A Guarda"**

16:00 – 17:00 h.
Actuación grupo de baile e pandeiros **Xamaraina**

17:00 – 18:00 h.
Regatilla Club de Remo Robaleira

18:15 – 19:30 h.
Actuación **Deixa Andar**

19:30 – 19:45 h.
Reprodución audiovisual **"Historia Mariñeira de A Guarda"**

19:45 h.
Sorteo das rifas XVI Festa do Peixe Espada

20:00 – 21:00 h.
Actuación dos **Coros Cantábrile e Arpégios**

DURANTE TODO O DÍA 11:30 – 14:30 h.
Experiencias de **Turismo Mariñeiro Inclusivo**

DURANTE TODA FESTA

MERCADO ARTESANAL

ZONA INFANTIL

15:00 – 21:00 h.
• **Hinchable e pintacaras**

14:30 – 21:30 h.
• **Obradoiro**